

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP A RÚA
CURSO: 3º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIAS: MATEMÁTICAS, LINGUAS E LITERATURAS GALEGA E
CASTELÁ, CIENCIAS SOCIAIS, CIENCIAS DA NATUREZA E
EDUCACIÓN ARTÍSTICA- PLÁSTICA
DATA:11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

ÁREA MATEMÁTICAS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPET. CLAVE
Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).	CCL CMCT CAA
	Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.	CMCT CAA CSIEE
Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas.	Planifica o proceso de traballo con preguntas apropiadas: que quero descubrir?, que teño?, que busco?, como o podo facer?, non me equivoquei ao facelo?, a solución é idónea?	CMCT CAA CSIEE
Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.	Le, escribe e ordena números ata o 10.000.	CMCT CCL
	Aproxima números á decena, centena e millar.	CMCT
Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	Realiza correctamente series tanto ascendentes coma descendentes.	CMCT
	Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 10.000.	CMCT CAA CCL
	Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras	CMCT CAA
Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas	Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.	CMCT
	Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	CMCT CAA
	Resolve problemas utilizando a multiplicación para realizar recontos, en disposicións rectangulares nos que intervén a lei do produto.	CMCT
	Realiza cálculos numéricos coa operación de división dunha cifra na resolución de problemas	CMCT CAA

	contextualizados.	
	Identifica e usa os termos propios da multiplicación e da división.	CMCT
Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas	Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento	CMCT CAA
	Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	CMCT CAA CSIEE
Seleccionar e utilizar instrumentos e unidades de medida, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, capacidade en contextos reais.	Identifica as unidades do sistema métrico decimal. Lonxitude e capacidade.	CMCT
	Mide con diferentes instrumentos elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.	CMCT CAA
Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	Resolve problemas da vida real utilizando as medidas temporais e as súas relacións	CMCT
Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.	CMCT CAA CSC
	Calcula múltiplos e submúltiplos do euro	CMCT
Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas	Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas e de razoamento.	CMCT CAA
	Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.	CMCT CAA CSIEE

ÁREAS DE LINGUA E LITERATURA CASTELÁ E GALEGA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPET. CLAVE
Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais	Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade	CCL CAA CSC
	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita	CCL

	atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.	CAA CSC
Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	Integra de xeito global os recursos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando o valor comunicativo destes.	CCL
	Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas.	CCL
Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula.	Participa activamente e con coherencia básica en diversas situacións de comunicación: Diálogos, Exposicións orais seguindo un modelo, e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.	CCL CD CAA CSC CSIEE
Facer hipóteses sobre o significado de palabras evidentes a partir do seu contexto de uso.	Identifica polo contexto o significado de distintas palabras	CCL
	Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.	CCL CAA
Recoñecer o tema de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos)	Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas médicas....	CCL CAA
	Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.	CCL
	Utiliza de xeito guiado a información recollida, para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe.	CCL CAA CSIEE
Utilizar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe.	Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información.	CCL CD CAA
	Transforma en noticias sinxelas feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos	CCL CSC
	Comprende de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.	CCL CD CAA CSC
Reproducir textos axeitados aos seus gustos e intereses.	Reproduce de memoria textos literarios, non literarios e propios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.	CCL CAA CCEC
	Interpreta diferentes personaxes, reflectindo as súas características esenciais, memorizando e representando as súas accións e xestos máis definitorios.	CCL CAA CCEC
Producir textos orais adecuados ao nivel dos xéneros máis habituais imitando modelos, atendendo á forma da mensaxe	Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos do ámbito escolar e social, adecuados ao nivel, imitando modelos.	CCL CAA CSIEE
	Organiza o discurso cunha secuencia coherente	CCL

(descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	elemental, utilizando nexos básicos.	CAA CSIEE
Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar.	Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.	CCL CAA CSC CSIEE
Ler en voz alta e en silencio diferentes textos.	Le en voz alta, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade	CCL
	Le en silencio textos sinxelos próximos á súa experiencia.	CCL
Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal.	Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.	CCL CAA
	Distingue en textos do ámbito escolar e social e de forma xeral, entre as diversas tipoloxías atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	CCL CAA
Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía.	Identifica as palabras clave dun texto.	CCL CAA
	Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.	CCL CAA
	Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e de ilustracións redundantes.	CCL CAA
	Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto	CCL CAA
	Iníciase na utilización do dicionario de xeito guiado.	CCL CAA
Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos	Dedica momentos de lecer para a lectura voluntaria	CCL
	Selecciona textos do seu interese en función dos seus gustos e preferencias.	CCL
	Identifica e resume o argumento de lecturas realizadas e dá referencias básicas, como o título.	CCL CAA
Usa a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses.	Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre temas do seu interese e necesarios para as súas tarefas de aula.	CCL CD CAA
Mostrar interese por ter unha biblioteca propia.	Coida, conserva e organiza os seus libros.	CCL CSC

Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.	Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información.	CCL CD CAA
Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	Escribe , con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, pequenas narracións, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas....	CCL CD CAA
	Respecta algunhas das normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.	CCL
	Reproduce textos ditados sinxelos.	CCL
	Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.	CCL CAA
Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	CCL CSC
Aplicar, con axuda, todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura.	Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de planificación, textualización e revisión do texto	CCL CAA CSIEE
	Utiliza, con axuda e para escribir textos sinxelos, borradores que amosan: a xeración e selección de ideas, a revisión ortográfica e da secuencia coherente do escrito.	CCL CAA CSIEE
Elaborar proxectos individuais ou colectivos de carácter informativo sobre diferentes temas do área.	Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes, en diferentes soportes (papel e dixital), de carácter redundante co contido: carteis publicitarios, anuncios e cómics.	CCL CD CAA CSIEE
Usar unha linguaxe respectuosa coa diversidade, evitando expresións discriminatorias e prexuízos.	Exprésase, por escrito, evitando unha linguaxe non sexista e non respectuosa coas diferenzas.	CCL CSC
Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	Usa con axuda as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información.	CCL CD CAA
Escribir os textos establecidos no Plan de escritura.	Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel.	CCL CAA CSIEE
Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos),	Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar acción.	CCL
	Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro, ao producir textos orais e escritos.	CCL
	Diferenza familias de palabras.	CCL

así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Utiliza as normas ortográficas básicas.	CCL
Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	Utiliza palabras sinónimas, antónimas, polisémicas, frases feitas, na expresión oral e escrita.	CCL
	Utiliza, segundo modelo, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas.	CCL
Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	Clasifica e usa os tipos de nomes para elaborar textos escritos sinxelos	CCL
	Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita.	CCL
	Aplica, con axuda, as normas de acentuación (sílabas tónicas) nas súas producións escritas.	CCL
	Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.	CCL
	Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.	CCL
Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais.	CCL CD CAA
Valorar a diversidade lingüística da comunidade autónoma.	Valora a diversidade lingüística da comunidade autónoma.	CCL CSC
Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.	Compara aspectos (gráficos, léxicos) das linguas que coñece.	CCL CAA
Valorar os textos literarios como fonte de lecer e información	Valora e recoñece de forma global, distintos textos literarios sinxelos, como fonte de lecer e de información.	CCL CCEC
Facer a lectura expresiva e interpretativa de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria.	Realiza, de xeito guiado, lecturas comentadas de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.	CCL CCEC
	Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións)	CCL CAA
Valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	CCL CCEC
Reproducir a partir de modelos dados textos literarios moi sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	Crea, con axuda, sinxelos textos literarios moi sinxelos (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.	CCL CAA CSIEE CCEC
Reproducir textos literarios breves e sinxelos e adaptados á	Memoriza e reproduce textos orais moi sinxelos adecuados á súa idade: contos, poemas ou	CCL CAA

idade.	cancións.	CSC CCEC
Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade.	Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios breves e sinxelos, axeitados á súa idade.	CCL CAA CCEC CSC
Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.	Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.	CCL CSC CCEC

ÁREA CIENCIAS DA NATUREZA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPET. CLAVE
1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso.	1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes	CAA CCL CMCCT CSIEE CD
	1.2. Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	CAA CMCCT CSIEE
2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación, e obter unha información.	2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación obtén unha información.	CAA CMCCT CSIEE
3. Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais	3.1. Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	CAA CMCT CSC CSIEE

ÁREA CIENCIAS SOCIAIS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPET
-------------------------	---------------------------	--------

		CLAVE
Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre a área (empregando as TIC e outras fontes), a realización dun produto, a documentación do proceso (a través do uso do cartafol) e a comunicación do resultados, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto	Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	CAA CCL CD CMCCT
	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.	CSIEE CAA CMCCT
Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates	Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.	CSC CAA CMCCT
Coñecer a terminoloxía propia da área e achegarse a comprender textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.	CCL CMCCT CSC
Coñecer as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos relevantes de Galicia	Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C o d.C	CMCCT CAA
	Sitúa nunha liña do tempo feitos do pasado da súa contorna datando os comezos e finais das épocas estudadas.	CMCCT CAA
Recoñecer algúns restos ou acontecementos da Prehistoria e Idade Antiga (culturais, artísticos, e feitos) que evidencien o paso do tempo en Galicia e permitan situalos temporalmente no transcurso da historia.	Identifica no tempo e no espazo algúns dos restos ou acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga de Galicia, describindo algunha característica fundamental.	CMCCT CCEC
	Distingue entre prehistoria e historia recoñecendo a importancia das manifestacións escritas como avances que supoñen a transición entre esas épocas.	CSC CCEC
	Describe algúns aspectos relacionados coa forma de vida e as estruturas básicas de organización social da cultura castrexa.	CSC CCL
Recoñecer algúns vestixios do pasado, presentes na contorna próxima, como fontes históricas para coñecer o pasado e como elementos integrantes da contorna actual	Identifica algúns vestixios do pasado na contorna e recoñece o seu valor como fonte histórica.	CSC CCEC
Desenvolver a curiosidade por	Identifica, valora e respecta o patrimonio natural,	CSC

coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.	histórico, cultural e artístico do contorno próximo e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora	CCEC
Explicar que é unha paisaxe, os seus elementos básicos e recoñecer distintos tipos de paisaxe.	Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece os diferentes tipos de paisaxe que hai nunha comunidade.	CMCCT CAA

ÁREA EDUCACIÓN ARTÍSTICA(EDUCACIÓN PLÁSTICA)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPET CLAVE
Identificar e valorar recoñecidos/as autores/as e as súas obras máis significativas, facendo fincapé na cultura propia.	Describe varias profesións relacionadas coas artes plásticas.	CCEC CSC CCL
	Procura información sobre artistas plásticos/as da cultura propia e de outras, e sobre a súa obra	CCEC CSC CAA
	Amosa interese por coñecer formas de expresión de autores/as e a súa obra, empregando as tecnoloxías da información.	CCEC CSC CD
	Relaciona artistas coas obras máis representativas.	CCEC CSC CCL
Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas.	CCEC CAA
	Manexa lapis de cores, rotuladores, etc.) para a composición de obras.	CCEC CAA
	Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.	CCEC CAA
	Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas.	CCEC CAA
	Completa figuras seguindo as liñas como guía.	CCEC CAA
	Combina técnicas de picado, encartado e pegado.	CCEC CAA
	Utiliza a cuadrícula como referencia para copiar e	CCEC

	representar modelos, de maneira proporcionada	CAA
	Usa a técnica de colaxe con limpeza e precisión, manexando diferentes técnicas.	CCEC CAA
	Fai composicións correctamente a partir do eixe de simetría.	CCEC CMCCT
	Crea imaxes tridimensionais co recorte e o pegado	CCEC CAA
Coidar o material e os espazos e utilízalos adecuadamente.	Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo.	CCEC CSC
Respectar e valorar o traballo individual e en grupo.	Leva a cabo proxectos en grupo respectando as ideas das demais persoas e colaborando coas tarefas que lle foran encomendadas	CSC CCEC CAA
Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as creacións propias ou colectivas.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o seu contexto cultural e artístico.	CCEC CD
	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas.	CCEC CD

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

De acordo coas *Instrucións do 27 de abril, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019-2020, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, a avaliación deste terceiro trimestre será continua e terá un carácter diagnóstico e formativo. A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das clases só poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.

O profesorado adaptará o sistema de avaliación, co obxectivo de que o alumnado poida continuar avanzando na súa formación, tendo especialmente en conta a situación dos estudantes máis vulnerables.

A repetición de curso será excepcional e proporase unicamente nos casos, debidamente xustificadas, de alumnado cun historial académico de dificultades de aprendizaxe para o que a permanencia no mesmo curso sexa a medida que mellor lle permita progresar no desenvolvemento das competencias recollidas no currículo.

O profesorado emitirá un informe individual valorativo do traballo realizado polo seu alumnado no curso, que inclúa os atrasos que puidesen terse producido e un plan de recuperación dos mesmos. Estes informes serán tidos en conta de cara á programación do curso 2020-2021

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Os procedementos de avaliación nas dúas primeiras avaliacións figuran na programación didáctica do curso e inclúen: análise das producións do alumnado, observación sistemática, intercambios orais co alumnado, cuestionarios e probas específicas.</p> <p>Para o terceiro trimestre utilizaremos a análise das producións do alumnado e o intercambio oral ou escrito con eles, tendo especialmente en conta as dificultades que entraña esta formación a distancia para o alumnado e para as súas familias, e a vulnerabilidade emocional que provoca o confinamento.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Os instrumentos empregados nos dous primeiros trimestres foron:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Análise das producións do alumnado: textos escritos, textos orais, resolución de problemas, cadernos de clase, producións plásticas, producións musicais, producións motrices.. • Observación sistemática: diarios de clase, escalas de observación, rexistros, rúbricas... • Intercambios orais co alumnado: asembleas, debates, postas en común... • Cuestionarios: probas orais, probas escritas. • Probas específicas <p>Para o terceiro trimestre, de acordo co explicado no apartado anterior, empregaremos a análise das producións do alumnado, a súa participación nas propostas programadas e o intercambio oral ou escrito con eles.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Para obter a cualificación final das aprendizaxes do alumnado durante o presente curso, valoraremos especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles definidas neste documento que foron traballadas durante os dous primeiros trimestres, e serán o contido das propostas de repaso, recuperación e reforzo programadas para o terceiro trimestre.</p> <p>A cualificación final será a nota media entre as cualificacións do primeiro e do segundo trimestre do curso, engadindo a valoración das actividades desenvolvidas no terceiro trimestre unicamente se beneficia ao alumno ou alumna. No caso contrario, non se terá en conta na cualificación final.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades propostas na terceira avaliación son de repaso, reforzo e recuperación. Afondando tamén na adquisición de destrezas lingüísticas, hábito lector e cálculo xa traballado ao longo do primeiro e do segundo trimestre e así favorecer o progreso das aprendizaxes.</p> <p>A través das diferentes propostas intentamos que haxa tamén conexión entre o alumnado, desenvolvendo actividades nas que haxa conexión entre eles e elas. Nunha mesma proposta poden intervir diferentes alumnos e alumnas.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todo o alumnado conta, dun xeito ou outro, con conectividade.</p> <p>As propostas de traballo son presentadas semanalmente a través dunha conta de correo, no que se inclúen explicacións, vídeos titoriais e material en formato dixital.</p> <p>Ademais, cada semana temos contacto a través de Skype cos alumnos, divididos en pequenos grupos. Deste xeito mantemos unha comunicación fluída para resolver as diferentes problemáticas que se van presentando, para animar no traballo e para dar explicacións se fose necesario.</p> <p>As familias están permanentemente en contacto mediante o correo electrónico que empregan para enviar as tarefas do día a día e as dúbidas. Isto permítenos ofrecer un reforzo positivo ao noso alumnado.</p>
Materiais e recursos	<p>Conta de correo electrónico Gmail, Abalar, unha conta de Skype para facer videoconferencias que se levan a cabo semanalmente e chamadas telefónicas Ferramentas e aplicacións que permiten o acceso aos recursos on-line.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>Para trasladar a información ao alumnado e ás familias das propostas e actividades que se programarán no terceiro trimestre, utilizaremos, en función dos distintos cursos, dos recursos das familias e do tipo de contido, os seguintes medios: Abalar, correo electrónico, teléfono, E-dixgal, blogs do centro e videoconferencias. Para informar da propia adaptación da Programación do curso, remitiremos unha mensaxe Abalar a todas as familias, comunicando a súa publicación.</p>
--	---

Publicidade	Esta adaptación da Programación do curso 2019-2020 será publicada na web do centro.
--------------------	---

